



## **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN**

### **EXPEDIENTE. ARRANXO DOS VEHÍCULOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

*"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.*

*1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."*

### **DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**

#### **1.UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN**

Centro xestor proponente: Convivencia

Unidade encargada do seguimento da execución do contrato: Parque de bombeiros.

#### **2. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto do presente contrato é definir os diferentes arranxos de chapa, pintura, electricidade, tapicería e rotulación en dous vehículos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.

#### **3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Aberto simplificado.

#### **4.- DIVISIÓN POR LOTES**

Non se considera procedente a división en lotes por razóns de funcionalidade e optimización da prestación, valorándose dende o centro xestor como necesaria a execución coordinada das



actuacións sobre os dous vehículos, que se entenden, en esencia, como un único obxecto contractual, sendo irrazoable dende un punto de vista técnico e práctico a súa separación.

#### **5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR**

O servizo de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela, utiliza os vehículos para desprazarse as diferentes urxencias ou emerxencias que temos no Concello. Estes camións teñen unha media de 15 anos de antigüidade, polo que se fai necesario a reparación de golpes, preparado, imprimado e pintado de carrocería completa, arranxo de tapicerías e arquillas, rotulación, en xeral unha posta a punto dos vehículos.

#### **6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

Non se esixe.

#### **7.- NOMENCLATURA (CPV)**

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares

#### **8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

O orzamento sen iva do contrato obxecto do presente procedemento establécese na cantidade de:

ORZAMENTO BASE TOTAL: 32.853 €

TIPO IVE APLICABLE: 21%

IMPORTE IVE TOTAL: 6.899,13 €

ORZAMENTO BASE TOTAL LICITACIÓN IVE INCLUIDO: 39.752,13€

#### **9. APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Nº Aplicación orzamentaria:060-13600-21400

Existencia de cofinanciación: Non.

#### **10.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN**

PRESUPOSTO BASE TOTAL: 32.853 €

TIPO IVE APLICABLE: 21%

IMPORTE IVE TOTAL: 6.899,13 €

PRESUPOSTO BASE TOTAL LICITACIÓN IVE INCLUIDO: 39.752,13€

**11.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS**

30 días.

**12.- ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA**

Pago único.

---

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Antonio Gigirey Amado , cabo do servicio de extinción de incendios

---

O concelleiro delegado de Convivencia e Medio Ambiente

Asdo.: Xan Duro Fernández

